


Efecto invernadero: é a subida da temperatura da atmosfera pola concentración de gases como o dióxido de carbono ou o metano, que actúan como o cristal dun invernadero ao deixar pasar a radiación solar e reter parte do calor irradiado pola superficie terrestre. É un fenómeno natural, sen o cal a vida sobre a terra non sería posible tal e como a coñecemos, pois sen él a temperatura media da superficie sería de -18°C . Tras a revolución industrial, a queima de combustibles fósiles e as emisións de certas industrias aumentaron a cantidade dos gases de efecto invernadero, incrementándose a cantidade de calor retido e ocasionando unha subida das temperaturas (quecemento global) que está na base do cambio climático.



Paisaxe: segundo o Convenio Europeo da Paisaxe (CEP), trátase de calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, e cuxo carácter é o resultado da interacción de factores naturais e/ou humanos ou culturais.